



ítineris decensis
Camiños xacobeos dezaos

Nº 3

Abril
2020

O CORONAVIRUS PARALIZA OS CAMIÑOS DE SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA

galicia



Xacobeo 2021





A fachada do Obradoiro e a súa evolución. *Do románico ao barroco.*

A actual imaxe icónica da Catedral de Santiago de Compostela é, sen dúbida, a da súa fachada occidental que da á praza do Obradoiro. Foi no ano 1738 cando comezou a obra que transformou totalmente esta parte da catedral. A obra foi realizada polo arquitecto **Fernando de Casas Novoa**.

A actuación consistiu en asentar sobre a vella fachada medieval un “telón” barroco cunha espectacular combinación de granito e vidro que conseguiu recuperar a luz para o interior das naves e, ao mesmo tempo, doulle á catedral un aspecto moderno e grandioso. Foi no ano 1750 cando se elevou a estatua de Santiago peregrino que preside a fachada do

Obradoiro completándose así esta obra.

Durante os primeiros séculos da catedral, a fachada oeste era moi distinta á actual. Dúas torres románicas de altura desigual coroaban unha portada aberta día e noite e que deixaba ao descuberto o gran Pórtico da Gloria visible dende o exterior. Tamén tiña un gran rosetón central. Na actualidade a fachada principal aparece recuberta pola fachada do Obradoiro de estilo barroco, pero detrás dela atópase a antiga fachada románica. A altura das torres era moito menor e coa reforma barroca case se duplicou a súa altura.



SUMARIO

- páx 3. O Camiño ten que esperar
- páx 4. O Camiño de Inverno en 14 etapas
- páx. 5 Peregrina: Marina Otero Neira
- páx 6 Peregrina: María Ánxeles Granja Rico
- páx 8 Pontenoufe
- páx 12 A igrexa barroca de Donsión
- páx 16 Contraportada



O Camiño ten que esperar.

A pandemia do covid-19 pon os Camiños de Santiago en "standby".



Arco de Mazarelos.

Único resto que se ven conservando do antigo recinto amurallado medieval de Santiago de Compostela. Por este arco entraban na cidade os viños da Ulla de do Ribeiro e tamén os peregrinos que viñan polo Camiño Sueste. Por esta porta esperamos poder entrar cando remate a crise do coronavirus e poidamos facer as dúas etapas que nos restan do Camiño de Inverno.

A irrupción do problema sanitario ocasionado polo coronavirus covid-19 supón a paralización dos Camiños de Santiago.

España decretou o estado de alarma o día 14 de marzo por quince días que se prorrogaron ata o 11 de abril e logo ata o día 26, sendo posible que se produzan novas prórrogas. Esta decisión implica o peche de fronteiras e de establecementos excepto supermercados e farmacias e outros servicios considerados esenciais. A cidadanía debe quedar na casa e non saír nada máis que para facer a compra ou ir ao médico ou a farmacia. Os establecementos hostaleiros teñen que estar pechados e a actividade laboral só se mantén en canto a as

consideradas actividades esenciais.

Esta situación aplícase tamén aos Camiños de Santiago. **Todos os albergues públicos das distintas rutas xacobeas están pechados**, tanto en España coma en Portugal e Francia, países que acordaron similares medidas que as das autoridades españolas.

A Federación Española de Amigos do Camiño de Santiago desenvolve a campaña informativa denominada "**Peregrino, este no es el momento**". Con ela informa da obrigatoriedade de aprazar o Camiño ata que a situación mellore. Igualmente axudou a voltar aos seus domicilios aos peregrinos que estaban

facendo o Camiño no momento en que se declarou a alerta sanitaria.

A Catedral e a oficina do peregrino tamén están pechadas. A Catedral de Santiago sumouse tamén ás medidas de prevención. Dende as 12 horas do día 13 de marzo a basílica compostelana permanece pechada ata novo aviso de acordo coas indicacións sanitarias para protexerse do virus. Esta medida substituiu as anteriormente acordadas para os actos litúrxicos como non darse a man no momento da paz e substituír o abrazo ao apóstol por unha reverencia. Igualmente a oficina do Peregrino permanece pechada e para solicitar a Compostela hai que deixar a credencial nun buzón.



O Camiño de Inverno en 14 etapas

ETAPA 10: PENASILLÁS - RODEIRO 18 KM. O máis característico desta etapa é a subida ao monte do Faro. Na cima divisase unha gran panorámica e está a ermida de nosa Señora do Faro. Na baixada está o Pazo e a igrexa de Camba. Logo os pendellos de río. Final en Rodeiro.



ETAPA 11: RODEIRO - LALÍN 22 KM. Saímos á mañá cedo da capital de Camba. Esta etapa ten unhas tramos fermosos a carón do río arnego que cruzamos ao comezo pola chamada ponte do Hospital. Despois pasamos pola histórica ponte de Pedroso. Pouco despois entramos no Concello de Lalín polo monte chamado coto da Anta. Temos algunha carballeira e camiños de terra anchos ata preto de Goiás. Pasamos por Palmaz. Entramos por Lalín de Arriba e a súa igrexa románica e rematamos no centro de Lalín.



ETAPA 12: LALÍN - SILLEDA 14 KM. O día 1 de marzo de 2020 realizamos esta etapa cunha nutrida participación de xente de Lalín e de Silleda. Estivo presente a Concelleira de Cultura de Silleda. O percorrido fíxose cunha climatoloxía agradable. Pasamos polo Paseo Pontiñas, A Laxe, Prado, Ponte Taboada, igrexa de Taboada, pazo de Trasfontado e finalizamos en Silleda. Unha etapa preciosa e levadeira.





peregrin@s

Marina Otero Neira: “A etapa das Médulas foi impresionante”.

1. Que significa o Camiño de Santiago para tí?

Unha forma de interactuar con outra xente e de coñecer outros sitios e paisaxes.

2. Cal é a túa motivación para facelo? Aventura e socializar.

3. Que destacarías das etapas que levamos feitas do Camiño de Inverno? Eu non as fixen todas pero ás que fun están ben.

4. Houbo algunha etapa que che parecera dura? A das médulas paréceme dura, pero sería porque facía calor, aínda que a o mesmo tempo foi impresionante. É unha das que máis recordo polo bonita que é.

5. Que che aportou a experiencia de facer o Camiño de Santiago? Tranquilidade, relax, amizade, compañerismo, diversión, etc.


6. Recomendarías esta experiencia a outras persoas? Sí, fagoo sempre.

7. Que outros Camiños fixeches? O francés.

8. Que outros Camiños che gustaría facer? O de Portugal pola costa.

9. Que cousas podíamos mellorar organizativamente para próximas etapas e outros Camiños que decidamos facer? Para min está ben organizado. Non se me ocorre nada.

10. Quédannos dúas etapas para chegar a Santiago. Pensas que o conseguiremos? e como crees que debemos celebralo? Claro que sí. Con comilona por supuesto.





peregrin@s

María Angeles Granja Rico “Un Camiño de culturas distintas no que nos encontramos para compartir”



1. Que significa o Camiño de Santiago para tí? Un Camiño de culturas distintas no que nos encontramos e somos capaces de compartir vivencias e experiencias ata establecer unha amizade.

2. Cal é a túa motivación para facelo? Teño amigos que o fixeron e estaban de acordo en que era unha experiencia única, así que animeime e por eso o estou facendo.

3. Que destacarías das etapas que levamos feitas do Camiño de Inverno? Habería que destacar moitas cousas, pero eu quédome coas paisaxes sen dúbida, por exemplo a subida ao Castelo de Cornatel ou a zona de Diomondi coas cores otoñais e unhas vistas impresionantes.

4. Houbo algunha etapa que che parecera dura? A subida ao castelo de Cornatel, eso é un reventapernas. Sufrina, pero na cima había unhas vistas impresionantes.



5. Que che aportou a experiencia de facer o Camiño de Santiago?

Aportoume coñecer xente, intercambiar vivencias e por suposto lévome algunha amizade.

6. Recomendarías esta experiencia a outras persoas? Sí, sen dubidalo.

7. Que outros Camiños fixeches? Este é o primeiro.

8. Que outros Camiños che gustaría facer? O Francés, pero sei que inda teño que prepararme mental e físicamente porque é moi duro e teño en mente o Sanabrés que pasa por terras de Deza

9. **Que cousas podíamos mellorar organizativamente para próximas etapas e outros Camiños que decidamos facer?**

A organización a verdade que moi ben, porque preocupábase de avisar con tempo á xente. Se a etapa é moi longa, nalgún punto máis cercano estará o autobús para recoller a algunha persoa. Así que a organización moi ben.

10. **Quédannos dúas etapas para chegar a Santiago. Pensas que o conseguiremos? e como crees que debiamos celebralo?**

Claro que sí, coas ganas que temos de voltar ao Camiño. Eu persoalmente celebrareino sentada na praza do Obradoiro cun bocata e unha cervexa e contemplando a catedral. Pero se hai que comer uinha mariscada, tamén me vale.

Ponte de Éntoma.

Na terceira etapa do Camiño de Inverno pasamos pola localidade de Éntoma que pertence ao Concello de O Barco de Valdeorras.

A ponte de Éntoma serve para cruzar o río Galir. Consta dun arco de medio punto realizado en laxes de lousa. Segundo a tradición as grandes lousas de pedra sen labrar do paramento foron traídas a ombros polos romanos.



Río Sil

Bea, Fina, Isa e Raffaella na beira do río Sil ao pouco de saír de O Barco de Valdeorras.

O río Sil é protagonista nas primeiras etapas do Camiño de Inverno ofrecendo paisaxes espectaculares.

Outros ríos polos que pasa o Camiño de Inverno son o río Lor, o río Cabe, o río Miño, o río Arnego, o río Deza e o río Ulla.



Pontenoufe

Unha pequena aproximación a esta ponte histórica sobre o río Asneiro.

J.L. Rodríguez
Jácome



José Luis Rodríguez Jácome é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Actualmente é coordinador do colectivo Roteiros de Lalín e da Asociación Cultural Viarum Dezae.



(Foto: Vista de Pontenoufe na parroquia de A Xesta JLRJ)

Pontenoufe é un lugar da parroquia da Xesta situado no Concello de Lalín. Por esta pequena aldea de 13 habitantes pasa o Camiño de Santiago que ven do sueste da península ibérica a través da Vía da Prata e que continúa polo chamado Camiño Sanabrés. Esta ruta xacobeá en Galicia vai por Ourense, a Comarca de Deza e Ponteulla ata Compostela. Ao mesmo tempo era tamén o Camiño Real a Castela por onde ían á seitura os labregos galegos ao

principio do verán para logo retornar a Galicia rematada a campaña da sega do cereal.

O máis característico de Pontenoufe é precisamente a ponte de catro arcos pola que se cruza o río Asneiro. Tamén pasa por alí a vella liña do ferrocarril construída entre 1927 e 1958 con gran dificultade por ser necesaria a escavación de moitos túneles para salvar a orografía accidentada desta contorna. Non cabe dúbida de que no seu tempo este lugar era un paso

estratéxico para peregrinos, arrieiros e viaxeiros e tamén os feirantes que ían á feira que se facía na localidade de O Tellado no Irixo. En tempos recentes a súa importancia decaeu, pois a estrada nacional 525 cruza o río Asneiro en Penouzas e no Pozo Negro entrando pola parroquia de Catasós, e a autoestrada AG-53 e o AVE cruzan o río Asneiro por viadutos sobre Portocarreiro (A Xesta) e Costoia (Vilanova) respectivamente.


A toponimia aporta gran cantidade de información sobre múltiples aspectos de carácter xeográfico, histórico, etnográfico e outros moitos. Neste caso no topónimo “Pontenoufe” atopamos a terminación en –ulfe que tamén se presenta como –oufe (por vocalización da tónica) que según din moitos lingüistas é de orixe xermánica. No noso Concello temos varios exemplos disto nos nomes de lugares coma “Regoufe” ou “Gondufe” entre outros. Parece ser que a terminación “–ulfe” e a súa derivación “-oufe” procederían do deuteronoma “wulf” ou “wolf” que significa lobo. Así wulf, latinizado ulfus, xenera xenitivo ulfi onde o -i final pasa a -e. Tamén poderíamos estar ante un antropónimo que se referiría ao propietario ou posuidor do lugar que podería ser de nome “Neulfus”.

No libro “Pontes históricas de Galicia” os autores reseñan esta ponte da seguinte maneira: Concello: Lalín, Parroquia: A Xesta, Río: Deza, Camiño: Antigo Santiago - Ourense, Coordenadas: 47,183° LN – 5,735° LO, Número de vans: catro, Lucas 2,60-2,50-2,50-1,60 m, Tipoloxía: Ponte de fábrica granítica reforzada con formigón, e orixe medieval. Estado de Conservación: malo. Unicamente a identificación do río sería discutible pois estamos ante unha ponte que cruza o río Asneiro polo que os autores desta publicación arrastrarían o cambio de ubicación nos nomes dos ríos Deza e Asneiro introducido polo mapa de Domingo Fontán.



Fotografía: Pontenoufe, unha ponte de catro arcos JLRJ.

Se imos á cartografía histórica hai un detalle que chama moito a atención. Na Carta Xeométrica de Galicia feita por Domingo Fontán entre 1817 e 1833 que foi impresa en 1845 aparecen marcados dous pasos polo río Asneiro nas proximidades de A Xesta, un deles rotulado como “Pte de Noufe”. Tamén aparece a poboación de “Noufe”. O outro dos pasos que aparece sen camiño, ben pode ser a pontella do camiño vello dos arrieiros que aínda existe no fondo do Barreiro e pola que se accedía tamén ao muíño de Froiz. Da a sensación de que o lugar principal de paso sobre o río Asneiro pasou a ser Pontenoufe quedando a pontella dos arrieiros con menos uso o que me leva a especular que posiblemente Pontenoufe non sexa una ponte medieval senón máis moderna.



Fotografía: Mapa de Domingo Fontán

itineris decensis

Camiños xacobeos dezaos

10 * número 3 /abril 2020

Descrición da ponte

Como xa se dixo estamos ante unha ponte con catro ollos ou arcos. Se observamos a ponte no sentido da corrente, podemos apreciar que os dous arcos da esquerda consérvanse completos en pedra de cantería, tanto as dovelas como os sillares. En cambio os dous arcos da dereita apréciase que foron reconstruídos en formigón posiblemente a consecuencia dun derrube parcial da ponte por algunha enchenta do río. Tamén se percibe un parte

augas central protexendo a ponte da forza da corrente en pedra rústica sen tallar. En canto á parte de tránsito ou taboleiro ten unhas dimensións aproximadas de 32 metros de longo e 3 metros e medio de ancho. Non hai peitorís ou varandas que impidan caídas ao río. Apréciase tamén un vao nun lateral por onde podía ir primitivamente o camiño antes de que se fixera a ponte e polo que puido seguir pasando o gando una vez feita. O estado de conservación é malo e sería preciso que se acometera una

restauración e posta en valor. Incluso hai moitas voces que falan de liberar a esta ponte do tránsito rodado para facela peonil e ao mesmo tempo construír un acceso novo e máis funcional a aldea de Pontenoufe que por causa das enchentas fortes que se dan no inverno queda practicamente incomunicada en ocasións. Recentemente fíxose unha limpeza de maleza o que permite que se poidan ver de novo os elementos de fábrica da ponte que estaban ocultos detrás de ela.



Fotografía: Detalle do parte augas de Pontenoufe /JLRJ



Fotografía: Detalle dun arco de Pontenoufe /JLRJ

No libro **“O camiño real de Castela a Santiago”** do que é autora **Yolanda Barriocanal López**, estúdase en profundidade o paso desta ruta pola provincia de Ourense. A autora fai un percorrido sobre a historia deste camiño e a súa evolución compartindo a idea de que os camiños medievais estarían superpostos a outros máis antigos que serían as vías romanas, citando entre outras evidencias o miliario de Fontao atopado en Santa María de

Tamallancos(Ourense). As peregrinacións a Santiago e a súa importancia farían de Compostela un núcleo de referencia na rede viaria medieval condicionada á organización territorial da época integrada polos señoríos laicos e eclesiásticos. Durante os séculos XVI e XVII hai testemuñas deste camiño a través de relatos sobre viaxeiros ilustres como Filipe o Feroso e Xoana no ano 1506 ou o manuscrito de 1612

atribuído ao cóengo cordobés Bernardo José de Aldrete sobre a súa peregrinación a Santiago pero poucas actuacións se farían para acondicionar este camiño. Foi no século XVIII cando se comezou a actuar sobre a rede viaria interior perfilando una rede de camiños reais de xeito radial converxendo en Madrid. E posiblemente sexa nesta época cando se actuaría tamén en Pontenoufe.



Viaxeiros ilustres. *Filipe o Feroso e Xoana no ano 1506. Con motivo de tomar o trono de Castela, desembarcaron na Coruña e seguiron a Santiago. Optaron por continuar cara Ourense, “un camino largo y fragoso”, para dirixirse a Pobra de Sanabria. Un cronista da conta da dificultade do camiño a Ourense, “hasta allí pobre país y mal camino, lleno de montañas y valles”. Lamentábase tamén da perda de cofres, baus e equipaxes e máis de douscentos cabalos e mulas debido á dureza do percorrido debido ao selvático camiño.*

Tamén explica a profesora Barriocanal como foi o proceso de mellora dos camiños. Así, **en 1746 a Xunta Xeral do Reino de Galicia**, despois de tratar “sobre o impracticable dos camiños reais e das desgracias que se ocasionan nas malas entradas e saídas dos ríos”, pediu ao rei que os concellos da capitais nomeasen comisarios para reparalos e enxanchalos ata catro varas. A tal fin o Intendente Xeral, José de Avilés Itúrbide ditou unha **“Instrucción general para la composición de caminos de este reino**, medios que han de servir para su execución y el modo de practicarse esta

providencia”. O plan pretendía o ensanchamento dos vellos camiños, a eliminación de obstáculos do tránsito, a drenaxe das calzadas, a reparación do firme, suavizar as pendentes e costas e tamén a construción de pontes e pontillóns. Exemplo deste último pode ser a construción da ponte Sobreira sobre o río Barbantiño que ten una inscrición coa data de 1755. En 1746 fíxose un recoñecemento dos camiños polos mestres Lorenzo Gosende e Francisco Vidal, supervisando este último o tramo dende a ponte de Ourense ata Ameal, lugar da parroquia de Vidueiros

(Dozón), primeiro da provincia de Pontevedra. Igualmente en 1749 o mestre Manuel Casteleiro fixo o recoñecemento do **“Camino real que pasa de la ciudad de Santiago a Orense, desde el puente y el río del Sar”** que estaba en estado ruinoso polo constante tránsito do voluminoso comercio, especialmente dos viños do Ribeiro e do Ulla. E neste contexto habería que determinar que actuacións se acometerían nas pontes existentes neste camiño real na Comarca de Deza.

A modo de conclusión só queda destacar a importancia que tivo Pontenoufe como lugar de paso do camiño real de Ourense a Santiago, así como a necesidade de conservar e poñer en valor esta ponte histórica sobre o río Asneiro, que posiblemente sexa de época postmedieval aínda que haberá que seguir buscando máis información nas bibliotecas e nos arquivos para corroboralo.



La iglesia barroca de Santa Eulalia de Donsión. -Obra de los Gil Taboada-

Antonio Vidal Neira.

(Artículo publicado por el autor en su blog www.historiadeza.wordpress.com y cedido por el mismo para su aparición en esta revista).



Antonio Vidal Neira
Donramiro (Lalín)

Licenciado en Filosofía y Letras, sección de historia moderna y contemporánea, por la Universidad Complutense de Madrid. Profesor de enseñanza secundaria. Autor de un gran número de artículos sobre diversos aspectos históricos de Lalín y personajes destacados.



Los Gil Taboada, a mediados del siglo XVIII, legaron a la parroquia de Donsión una espléndida iglesia barroca. Cayetano Gil Taboada cumpliendo los deseos de su tío, Felipe Antonio Gil Taboada, arzobispo de Sevilla, construyó, entre 1731 y 1743, la artística iglesia parroquial, fabricada por maestros y talladores de la escuela compostelana. El retablo del altar mayor es obra de Silvestre Colmeiro, vecino de Chapa (Silleda). En su interior guarda los enterramientos de la familia Gil-Taboada.

Las personas ilustres que desempeñaron un papel importante en la construcción de la Iglesia de Santa Eulalia de Donsión, fueron **Felipe Antonio Gil Taboada**, obispo de Osma, ministro de Felipe V para asuntos eclesiásticos y arzobispo de la Santa Iglesia de Sevilla; **Francisco Vázquez Teijeiro**, procurador y encargado de pedir la licencia al obispo de Lugo para la construcción de la iglesia; Cayetano Gil Taboada, obispo de Lugo y arzobispo y Señor de Santiago; **Juan Eligio de la Cárcel y Reinoso**, canónigo de la Catedral de Santiago, mayordomo mayor y caballero de dicha iglesia y arzobispado, administrador real de las rentas de Cayetano Gil; **Andrés Sarmiento Villamarín** cura propio de San Miguel de Goías y de su anejo San Cristóbal da Pena y encargado de las finanzas para la construcción de la iglesia; **Manuel Bernardo Enríquez de**

Yebrá, abad y cura propio de Santa María de Donramiro, Santa Eulalia de Donsión y San Martín de Lalín, en la Jurisdicción de Deza y obispado de Lugo; **Manuel José de Santa María Salazar** obispo de Lugo, fue el que concedió la licencia para fabricar la nueva Iglesia Parroquial; **Juan Antonio García Trabazo**, mayordomo fabriquero de la Iglesia de Donsión y Andrés González y Andrés López apoderados y representantes de los vecinos de Donsión.

En el año 1721, Francisco Vázquez Teijeiro, en nombre de Felipe Antonio Gil Taboada, presentó al obispo de Lugo, Manuel José de Santa María Salazar, una petición de licencia y facultad, para hacer y fabricar una iglesia en el lugar y sitio donde estaba la antigua iglesia de Santa Eulalia de Donsión, donde era natural y había sido bautizado, a la que proporcionaría todo lo necesario para celebrar en ella el

Santo Sacrificio de la Misa y asignándole perpetuamente, cada año, cuarenta ducados de vellón de renta, incluido el diezmo de seis ferrados de centeno de dotación, que pagaban por las sepulturas de su Casa y se entregarían en censos.

El 2 de septiembre de 1721, Manuel José de Santa María Salazar, obispo de Lugo, habiendo visto las diligencias hechas con los vecinos de la feligresía de Santa Eulalia de Donsión, que estaban de acuerdo que se hiciese la iglesia según voluntad de Felipe Antonio Gil Taboada e informado favorablemente por el párroco Manuel Bernardo Enríquez de Yebrá, el obispo dio su licencia, permiso y facultad para que el Sr. Arzobispo dispusiese que se fabricase la iglesia donde estaba la antigua de Santa Eulalia de Donsión, según los planos presentados.

Felipe Antonio Gil Taboada, falleció el 21 de abril de 1722, sin llegar a construir la iglesia. **Su sobrino Cayetano Gil Taboada, nacido en Barcia, continuó la obra** ayudado por Andrés Sarmiento Villamarín, cura propio de la feligresía de San Miguel de Goías, sabedor del deseo de Felipe Antonio Gil Taboada de construir una nueva iglesia parroquial en Donsión, la que había era angosta, pequeña y poco decente, de la cual habían sido parroquianos y feligreses sus antepasados Gómez Gil Taboada, señor de Bergazos y su mujer Beatriz Fernández Noguerol, abuelos maternos y habían sido bautizados en ella sus cuatro hijos Felipe Antonio Gil Taboada, Francisco Gil Taboada señor de las Jurisdicciones de Dés y Cristimil, Flavia Gil Taboada madre de Cayetano y Magdalena Gil Taboada y otros familiares.

Para que la Iglesia estuviese más decente y capaz y en ella se pudieran hacer las funciones más ampliamente, tuvo la devoción por el servicio de Dios y su culto divino de hacerla de nuevo, conforme y según los planos presentados por su tío Felipe Antonio Gil Taboada, dotándola con tres altares, decorados con retablos, imágenes de la gloriosa patrona Santa Eulalia y otras de su devoción y con ornamentos, cálices y patenas decentes para la celebración del Santa Sacrificio de la Misa y con una lámpara para alumbrar al Santísimo Sacramento; todo ello **con la sola condición de poner en la Capilla Mayor dos nichos para trasladar a ellos los huesos de sus abuelos y demás familia**, en los cuales se tenía que poner sus Armas, por los que pagaban de diezmos seis ferrados de centeno de renta, en dichos nichos solamente se podrían enterrar los descendientes de sus abuelos, sus maridos y mujeres, que se



Fotografía: Fachada de la iglesia de Donsión /JLRJ

pusieran dos sepulturas, junto a los dichos nichos y otras dos delante de los altares colaterales, para enterrar en ellas a las personas que diese licencia el poseedor del Mayorazgo, que fundaran sus Abuelos y así mismo otras dos sepulturas en medio de la Capilla Mayor, entre los altares colaterales para que en ellas se sepultasen, si quisiesen, los curas

de dicha iglesia o cualquier otro clérigo secular o regular ordenado "in sacris" que muriesen en dicha feligresía y que dentro de la Capilla Mayor no se podría abrir ni poner ninguna otra sepultura, para evitar la descomposición del enlosado, quedando libre todo el cuerpo de la iglesia, para enterrarse en él, los vecinos de la feligresía, pagando la limosna correspondiente.



Fotografía: Escudo de armas de la familia Gil Taboada del Pazo de Bergazos /JLRJ

Durante la construcción, para que no faltase iglesia en la que se pudiese decir misa a los feligreses, se utilizaría el sitio situado detrás de la antigua para fabricar la nueva y hecha la Capilla Mayor, estando terminada con la debida decencia se trasladaría a ella, el Santísimo Sacramento y la pila bautismal para que pudiese decirse misa en ella y aprovechar los materiales de la antigua para continuar el cuerpo de la nueva iglesia, que se tenía que hacer por Maestros del Arte, los cuales podrían ser de la elección del Obispo o de su directo Patrimonio. Si sucediese el caso de que cayese la iglesia o parte de ella, no tendrían que reedificarlo, ni el Arzobispo ni sus herederos.

Para sus reparaciones, gastos de fabrica y su mayor adorno y decencia, consignó para siempre cuarenta ducados de renta, cada año y noventa reales de renta para el Mayordomo o persona que corriese con la cobranza de los censos de dichos cuarenta ducados, una y otra partida importaban quinientos treinta reales de vellón de renta cada año.

Andrés Sarmiento Villamarín, el 23 de junio de 1731, presentó la petición al Obispo de Lugo, por la cual el señor Cayetano Gil Taboada se ofrecía hacer de nuevo la Iglesia Parroquial de Santa Eulalia de Donsión, según y conforme a los planos presentados y en la condiciones referidas anteriormente y además daría por una vez a la fábrica de dicha iglesia tres mil quinientos noventa y ocho reales de principal a los que corresponderían ciento siete reales y treinta y ocho maravedíes de réditos anuales y donaba catorce mil setenta reales de vellón, que producirían de réditos cuatrocientos veintidós reales y dos maravedíes de vellón cada año de renta. El obispo Manuel José de Santa María Salazar, hallándose de visita en San Pedro de Maceda (Corgo, Lugo), el 8 de julio de 1731, de acuerdo con la petición presentada, concedió la licencia para construir la Iglesia.

Cayetano Gil Taboada dispuso que se fabricase la nueva iglesia en las cercanías de la otra, en sitio y territorio que para ello y cementerio se adquirió y terminada la obra con el seguro y lucimiento debido, se adornase con los altares, retablos, imágenes, campanas, ropas y todo lo necesario para la celebración del culto, todo ello a su cuenta.

Bendición de la iglesia.

El 15 de mayo de 1749, con asistencia del obispo de Lugo, Francisco Izquierdo Tavira, el párroco Manuel Bernardo Enríquez de Yebra, con asistencia de varios sacerdotes y diferentes personas, la bendijo. En el acto el presbítero Domingo Froiz, celebró una misa cantada en la nueva Iglesia Parroquial a la que asistieron los vecinos y feligreses que la admitieron como tal, desde cuyo tiempo continuó y sigue siendo Parroquial, demoliéndose la antigua.

Estando surtida la iglesia, con todo lo necesario, guardado en la Iglesia, su sacristía y cajones que para este fin se fabricaron, solo faltaba que se le entregase la renta con que había sido dotada la iglesia, los cuatrocientos cuarenta reales de vellón de renta anual que se le habían consignado y los noventa reales para la persona que los cobrase y recaudase; se acordó que se partiesen a la mitad entre el mayordomo y el fabriquero, el uno para que cuidase de la cobranza y fuese depositario y el otro para que se encargase del aseo de la iglesia, ornatos, alhajas y limpieza.

El 7 de marzo de 1752, el canónigo y administrador de rentas de Cayetano Gil Taboada, Juan Eligio de la Cárcel Reinoso, dispuso que para el alivio y descanso de las Animas del Purgatorio y especialmente las de Cayetano Gil Taboada, su tío Felipe Antonio Gil Taboada, padres, abuelos y demás antepasados y para que de unos y otros hubiera una perpetua memoria en la Iglesia Parroquial de Santa Eulalia de Donsión, fabricada, adornada y dotada de cuenta de Cayetano Gil Taboada, que había fallecido el 12 de mayo de 1751, en reconocimiento y gratitud, ordenó que todos los años, se hiciese en la iglesia una función de Misa Cantada con vigilia y

responso, a la que asistirían el párroco y ocho señores sacerdotes, además cada uno debería decir una misa rezada, aplicándola por las Animas de sus Señorías, las de sus padres, abuelos y demás antepasados, cuya función se tenía que celebrar el día 12 de mayo de cada año, por ser el día que falleció Cayetano Gil Taboada. Ordenó pagar al Párroco dos reales y a cada uno de los ocho sacerdotes cinco reales; al mayordomo y al sacristán fabriquero diez reales, por razón de su trabajo: al sacristán fabriquero por tocar las campanas por la tarde el día de víspera en que se iba a celebrar el aniversario y por avisar a los dueños de las casas de Barcia, Dés y Liñares, por si

gustan asistir a dicha función; el mayordomo fabriquero por ayudar a las Misas, poner el túmulo cubierto con un paño destinado para ello, con las Armas de los Gil Taboada, el cual solamente se debía usar para dicha función y no para otras, con cuatro blandones de cera, cuatro velas en el Altar Mayor y dos en los colaterales, que tenían que estar encendidas durante el tiempo que durase la función, después apagarlas y recogerlas para las funciones de los siguientes años, guardarlas en la sacristía con el seguro debido para que no se gastasen en otras funciones religiosas.



Felipe Antonio Gil Taboada

(1668-1722) Nace en Bergazos. Era hijo de Gómez Gil Taboada y de Beatriz Fernánde. Fue Consejero de Estado del rey Felipe V, Gobernador Real y Presidente del Supremo Consejo de Castilla, Obispo de Osma y Arzobispo de Sevilla. En su testamento mandó edificar la iglesia de Donsión.



Cayetano Gil Taboada

(1688-1751) Fue obispo de Lugo y arzobispo de Santiago de Compostela. Nació en Barcia. Era hijo de Pedro Gil Taboada y Flavia Gil Gundín. Bajo su mandato se terminó la fachada barroca de la catedral. Por encargo de su tío Felipe Antonio edificó el hermoso templo barroco de Santa Eulalia de Donsión.



Fotografía: Interior de la iglesia de Donsión /JLRJ

Traballando para poñer en marcha dous folletos informativos e a web.

O traballo que estamos a desenvolver para a promoción dos nosos Camiños de Santiago continúa. Xa está moi avanzada a primeira fase da páxina web á que se pode acceder tecleando www.doscaminosdesantiago.com. Esperamos poder ir subindo pouco a pouco cada vez máis contidos a fin de que acabe tendo toda a información do Camiño de Inverno e o Camiño Sanabrés sobre todo a relativa á comarca de Deza, tanto en canto ao aspecto monumental e patrimonial como en canto a aloxamentos e establecementos de restauración. Queda moito por facer pero o esquema básico de partida xa está case ultimado.

Igualmente estamos a piques de completar dous folletos informativos, un sobre cada Camiño. Neles presentamos todo o percorrido e incidimos nos aspectos monumentais e de interese relativos á comarca de Deza. Optouse por un deseño moi visual co que se pretende atraer aos posibles peregrinos e peregrinas a interesarse por estes itinerarios. Os folletos teñen o texto en galego, castelán e inglés, e levan un código QR que enlaza coa páxina web onde esperamos que poidamos introducir en seguintes fases toda a información e todos os detalles para que sexa de fácil acceso a todas as persoas interesadas.

